

De 13 a
17 anos

4. Somos máis que máquinas

SAÚDE E
BENESTAR

90'



Materiais necesarios

- Papel continuo
- Anacos de papel de cores
- ANEXO - Plantilla do "Human-bot"
- Ficha de conclusións

→ Rotuladores e pinturas



1/4



Artigos da CDN para a actividades

Artigo 23. DISCAPACIDADE E AXUDAS ESPECIAIS

Os mozos e mozas con discapacidade teñen dereito a vivir de forma que poidan valerse por si mesmos e participar activamente na sociedade. Deben recibir axudas especiais e educación. Se os pais non tivesen recursos suficientes, o Estado debe proporcionar estas axudas.

Artigo 24. DEREITO Á SAÚDE

Os mozos e mozas teñen dereito a gozar do máis alto nivel posible de saúde e a recibir unha atención sanitaria adecuada.

Teñen dereito a poder alimentarse, a beber auga potable e a ser protexidos dos perigos da contaminación ambiental.

Os mozos, mozas e os seus pais e nais deben ser informados sobre coidados médicos infantís, nutrición, hixiene, salubridade ambiental e do modo de evitar accidentes.

Artigo 25. INTERNAMENTO

Os mozos e as mozas que foron acollidos polas autoridades para a súa atención, protección ou tratamento da súa saúde teñen dereito a unha revisión periódica do estado do seu internamento.

Artigo 26. SEGURIDADE SOCIAL

Todos os nenos teñen o dereito a beneficiarse do médico da seguridade social e contar coas axudas necesarias.

Artigo 27. DESENVOLVEMENTO DO NENO

Os países recoñecer o dereito dos nenos a ter unha vida adecuada para o seu desenvolvemento completo: físico, mental, espiritual, moral e social.



Desenvolvemento

Con esta actividade, imos coñecer un pouco máis os dereitos da infancia relacionados coa nosa saúde e o noso benestar.

Como ves, a nosa saúde pode vir por como nos atopemos mentalmente, se nos doe algo, como sexa a nosa contorna, o medioambiente, e incluso a nosa alimentación.

Dámonos conta de que somos como maquiñiñas compostas por varias pezas esenciais. E estas pezas esenciais deben ademais funcionar ben engranadas coa súa contorna.

Para esta actividade, propoñémosvos construír o "HUMAN-BOT".

Apoiándovos no debuxo que vos achegamos, debuxaremos unha figura humana en papel continuo (podedes poñervos alguén do grupo como modelo) e incorporar cada unha das pezas que vos destacamos:

- Peza mental / cabeza
- Peza do corazón
- Peza da tripa
- Peza das mans e pés
- Peza da contorna

De 13 a
17 anos

4. Somos máis que máquinas

SAÚDE E
BENESTAR

90'

2/4

Desenvolvemento

Cada unha destas pezas terá que ser ampla para poder incorporar todas as propostas que incorporem. No caso de que vos vexades con pouco espazo, podedes poñer a proposta fóra e poñer unha frecha para que saibades a que corresponde cada unha das vosas propostas.

Unha vez teñades o debuxo, dividiremos ao grupo grande en 5 subgrupos (un por cada unha das pezas). Todos os grupos, pasarán por todas as pezas, de maneira que poidan aportar a túa visión e/ou propostas.

En cada unha das pezas, o grupo que pase terá que responder as preguntas correspondentes:

Preguntas - Peza mental / cabeza

- A pandemia deixounos con problemas mentais importantes, porque moitos nenos e nenas sentiron tristeza, ansiedade, depresión...
- Como crees que debería tratarse aos nenos e nenas que se senten así?
- Que crees que é necesario para coidar a estes nenos e nenas?
- Existe a posibilidade de ir ao médico e que che atenda para estes temas?
- Que lle pedirías ao goberno para que teña en conta estes problemas?

Preguntas - Peza do corazón

- Os nosos sentimentos, cara a nós e cara ao resto son importantes.
- Como nos coidamos nós mesmos e aos nosos amigos, familiares...?
- Se algunha vez non sabes como coidarte, onde vas? Hai algún sitio onde che axuden a coñecer as túas emocións?
- Crees que todos os nenos e nenas saben recoñecer as súas emocións?
- Que propós para que isto poida mellorarse e terse en conta desde os Dereitos da Infancia?

Preguntas - Peza da tripa

- É importante contar cunha alimentación equilibrada e poder comer as veces correspondentes ao día. Crees que todos os nenos e nenas podemos comer o que debemos e como debemos?
- Coñeces a nenas e nenos que non teñen para comer?
- Crees que comer ben nos axuda no noso desenvolvemento? En que?
- Que debería facer o goberno para que puidésemos comer aquilo que necesitamos adaptado ao noso desenvolvemento?

Preguntas - Peza das mans e pés

- Os nenos e nenas somos moi diferentes, e por iso necesitamos atención especializada dependendo tanto da nosa condición como desenvolvemento.
- Crees que todos os nenos e nenas contan coa posibilidade de ir a médicos especialistas nas cuestións que necesitan?
- Como se atende aos nenos e nenas con necesidades especiais ou de colectivos LGTBIQ?
- Tense en conta toda esta diversidade? Que debe facer o goberno para que todas as nenas e nenos nos sintamos recoñecidos?

Preguntas - Peza da contorna

- Crees que facemos todo o necesario para coidar o medioambiente? En que nos axuda o medio natural á nosa saúde e benestar?
- Que debería facer o goberno para asegurar que o medio ambiente estea ben, e polo tanto, a nosa saúde?
- Tes preto da túa casa parques ou espazos verdes dos que poder gozar da natureza? Están abertos? Como afectou o COVID a nosa relación co medio ambiente?
- Crees que o goberno tivo en conta a importancia do medio ambiente nas nosas vidas? Que lles dirías respecto diso?

De 13 a
17 anos

4. Somos máis que máquinas

SAÚDE E
BENESTAR

90'

3/4

Desenvolvemento

Cando pasasen todos os grupos por todas as bases, faremos unha posta en común para elixir cales serán as propostas grupais relacionadas cos nosos dereitos relacionados coa nosa saúde completa e o noso benestar, e que queiramos trasladar ao goberno e as autoridades correspondentes.

Estas propostas concretas, recolleranse na ficha de conclusións que enviar á Plataforma de Infancia.

Se non poden realizarse de maneira presencial ou conectarse en grupo

En caso de non poder reunirse o grupo, pódese facer a actividade en liña, pasando a ficha de anexo ao grupo, de maneira que poidan facer as súas propostas individuais a cada unha das pezas, e enviarllas ao equipo educador para que poida aglutinalo nunha mesma ficha.

Recoméndase que, unha vez aglutinadas as propostas individuais, pódase facer unha sesión grupal na que poder debater e contrastar se estamos de acordo con todo o proposto.

Pode ocorrer que, resultado do debate grupal, xurdan novas propostas que non pensáramos de maneira individual.

Recoller as propostas na ficha de conclusións e enviar á Plataforma de Infancia.



Apoio para o equipo educativo

No desenvolvemento da actividade atópanse todas as preguntas que poden servir para arrincar o debate, o contraste de ideas...

O número de grupos pode variar dependendo de cantas mozas e mozos compoñan o grupo.

Recoméndase comezar a actividade con algunha actividade de movemento ou canción grupal tipo **“chuchuwa”**.



Conclusións a recoller

As conclusións para recoller, serán as propostas aprobadas polo grupo como resposta a cada unha das pezas compartidas no desenvolvemento da actividade.

*Lembra trasladar o recollido neste apartado á ficha de conclusións

De 13 a
17 anos

4. Somos más que máquinas

SAÚDE E
BENESTAR

90'

4/4

ANEXO. Plantilla HUMAN - BOT

